DOWN Galicia

Revista informativa trimestral

Número 26· **Outubro 2022**

Autonomía e diversión no ansiado Encontro de moz@s de Down Galicia



Novas investigacións para a mellora da cognitividade das persoas coa síndrome de Down

Down Galicia asina con Facenda un novo convenio a prol do emprego inclusivo

A Lei de igualdade de trato asegura maior protección ás persoas con discapacidade

Todas as fotos do encontro!

A ONU reclama a fin do emprego segregado **para garantir o dereito a un traballo digno**

Índice

Especial / Encontro de Moz@s e Adult@s de Down Galicia 2

A ONU reclama a fin do emprego segregado 6

Unha terapia hormonal podería mellorar a cognitividade 10

Protección á discapacidade na Lei de igualdade de trato 12

Down Galicia asina con Facenda un convenio polo emprego 13

Avances positivos en estudos previos con lamivudina 15

Down Lugo percorre unha etapa do Camiño Primitivo 17

A aventura de buscar novas metas laborais 18

Down Coruña e Vegalsa-Eroski limpan a praia de Sabón 20

Fundación 'laCaixa' promove a inclusión laboral 21

Séguenos, subscríbete e contacta 22

© Publicación da Federación Down Galicia

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación



Sesión de inclusión educativa en Xuntos

Máis de 130 moz@s vencellados a Down Galicia reúnense en Santiago nunha fin de semana de ocio e diversión

Mocidade, autonomía, ocio e inclusión foron os piares sobre os que xirou o Encontro de mozos, mozas e persoas adultas 2022 celebrado durante a fin de semana do 1 e 2 de outubro en Santiago de Compostela e no que participaron máis de 130 persoas con e sen discapacidade vencelladas a entidades Down de toda Galicia.

Esta xornada, organizada pola Federación Down Galicia, tivo como obxectivo principal proporcionar un lugar de encontro a mozos e mozas maiores de idade de toda a comunidade autónoma no que poder ampliar o seu círculo de relacións, crear novos lazos de amizade e poñer en común inquedanzas, preocupacións, soños e logros nun contexto de convivencia totalmente inclusivo.

Un programa cheo de ocio e diversión

Para a programación deste encontro, as entidades Down de Galicia tiveron en conta as opinións e suxestións das persoas participantes no mesmo, creando un programa acorde aos seus gustos e preferencias. Deste xeito, tras varias xuntanzas virtuais previas, estas acordaron que un espazo no que o ocio e o tempo de lecer fosen prioritarios sería o seu concepto ideal para unha xornada deste estilo.

Así, durante a mañá do sábado, as persoas participantes puideron escoller entre facer un tramo a pé do Camiño de Santiago ou participar en dous talleres de cociña e medio ambiente nas instalacións do Albergue Seminario Menor e o parque de Belvís.

Ao comezo da tarde, a Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cristina Pichel Toimil, visitou ao grupo no Albergue Seminario Menor, onde as persoas participantes realizaron unha dinámica para coñecerse mellor e compartiron as súas experiencias e anhelos. De alí saíron posteriormente para realizar distintas rutas turísticas pola cidade de Santiago de Compostela, coas que puideron saber máis da historia da localidade e onde seguiron relacionándose entre si.

Unha vez finalizadas as visitas, o grupo xuntouse na Praza do Obradoiro para desfrutar de tempo libre ata a cea nun restaurante compostelá, onde gozaron dunha sesión en directo de Rey DJ, un profesional da música coa síndrome de Down. Rematada a cea, os e as máis festeiras decidiron continuar coa diversión nos locais da cidade, bailando e cantando ata ben entrada a madrugada.

Rematado o encontro, as sensacións non poden ser máis positivas. Na mañá do domingo, adxectivos como "divertido", "espectacular" e "fantástico" bulían entre as persoas participantes, que comentaban cos seus compañeiros e compañeiras que esperaban poder "repetir moi pronto" porque fora "unha experiencia xenial".



Foto de familia con todas as persoas participantes no encontro

A importancia da inclusión social

A inclusión na sociedade é un dereito fundamental para calquera persoa. Participar dos recursos e das actividades que ofrece a comunidade é un dos piares clave para a consecución da inclusión das persoas coa síndrome de Down ou outra discapacidade intelectual. O desenvolvemento da autonomía persoal e social é importante para calquera ser humano e constitúe un dos puntos fortes para o seu proceso de desenvolvemento e para a súa maduración.

Dende o Movemento Down en Galicia entendemos que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais poden vivir dun xeito autónomo e independente, desfrutando dos recursos e actividades que ofrece a comunidade para unha inclusión sen barreiras e en igualdade de condicións que o resto da poboación.

A realización do Encontro de mozos, mozas e persoas adultas 2022 é posible grazas á achega da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a través das subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7% do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).



Roteiro polo casco histórico durante o encontro



XA PODES VER AQUÍ AS FOTOS DO ENCONTRO DE MOZ@S E ADULT@S!

A ONU reclama o fin do emprego segregado de persoas con discapacidade para garantir o seu dereito a un traballo digno

O órgano supervisor da Convención de Nacións Unidas sobre os Dereitos das persoas con Discapacidade (CDPD) publicou o Documento de Observacións Xerais nº 8 sobre o dereito das persoas con discapacidade ao traballo e ao emprego.

O obxectivo deste texto é aclarar as obrigacións dos Estados membro en relación ao artigo 27 da Convención, que establece os principios do dereito das persoas con discapacidade ao traballo e ao emprego, proporcionando unha base para que os países asinantes cumpran os seus compromisos acordes aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible como axenda global de cumprimento dos Dereitos Humanos (Axenda 2030). E en concreto o Obxectivo 8.5, que busca conseguir para 2030 unha vida plena e produtiva con emprego "decente para todas as persoas, incluídas as persoas con discapacidade, e igualdade de remuneración por traballo de igual valor".

Esta interpretación nº 8 do Comité define o dereito ao traballo como fundamental e esencial para a realización doutros dereitos humanos e establece que moitas persoas con discapacidade non son recoñecidas como suxeitos de dereitos e titulares de dereitos, senón que son "reducidas" ás súas deficiencias.

Por iso, e tras expresar reiteradamente a súa preocupación polo feito de que as políticas dos Estados membro seguen reflectindo un enfoque capacitista da discapacidade, solicita aos Estados unha serie de obrigacións e cambios acordes á CDPD.

"Os Estados membro deben tomar as medidas ata o máximo dos seus recursos dispoñibles e, cando sexa necesario, no marco da cooperación internacional, con miras a lograr progresivamente a plena realización do dereito ao emprego".

Eliminación da segregación e outras obrigacións

O artigo 27 da Convención dos Dereitos das Persoas con Discapacidade recoñece o dereito ao traballo en igualdade de condicións coas demais, incluído o dereito para gañarse a vida mediante un traballo elixido ou aceptado libremente nun mercado laboral e unha contorna de traballo abertos, inclusivos e accesibles para as persoas.

Tamén considera que as persoas con discapacidade non deben ser segregadas en obradoiros protexidos senón traballar en empresas ordinarias xunto a persoas sen discapacidade, e leste é un punto crave do informe, pois segundo sinala, "a pesar dalgúns avances, a falta de acceso ao mercado laboral aberto e a segregación continúan sendo os maiores desafíos para as persoas con discapacidade".

Por iso, unha das principais obrigacións dos Estados membro é eliminar gradualmente o emprego que segrega ás persoas con discapacidade do emprego aberto e inclusivo.

O documento de Observacións Xerais nº 8 expón que o emprego segregado para persoas con discapacidade, coma os obradoiros protexidos, non debe considerarse coma unha medida progresiva do dereito ao traballo, que se manifesta unicamente mediante un emprego libremente elixido ou aceptado nun mercado laboral aberto e inclusivo. Critícase que o emprego segregado, como os obradoiros protexidos, inclúen aínda prácticas baseadas na segregación, na organización ao redor de determinadas actividades específicas que se considera que as persoas con discapacidade poden realizar; centradas nos enfoques médicos e de rehabilitación da discapacidade; non promoven a transición ao mercado laboral aberto nin remuneran ás persoas con discapacidade en igualdade de condicións coas demais.

O novo documento expón unha orientación de cambios ás estruturas de emprego protexido, como cando se menciona que as empresas de emprego que son administradas e dirixidas por persoas con discapacidade, incluídas aquelas que son de propiedade conxunta e controladas democraticamente, non poden considerarse emprego segregado se brindan condicións de traballo xustas e favorables, en igualdade de condicións coas demais. En definitiva, a Observación nº8 sinala que, a pesar dalgúns avances, a falta de acceso ao mercado laboral aberto e a segregación continúan sendo os maiores desafíos por diante. A discriminación, a denegación de axustes razoables, os lugares de traballo inaccesibles e o acoso, seguen vixentes.



Inserción laboral no mercado ordinario en Compostela

Ademais deste principal deber de eliminar a segregación, o informe sinala tres tipos ou niveis de obrigacións aos Estados membro: as obrigacións de respectar, protexer e cumprir o dereito ao emprego das persoas con discapacidade. Á súa vez, a obrigación de cumprir contén obrigacións de facilitar, prover e promover o emprego ás persoas con discapacidade.

"Os Estados membro teñen a obrigación fundamental inmediata de garantir a satisfacción de, polo menos, os niveis mínimos esenciais do dereito ao traballo e ao emprego […] No contexto do artigo 27, esta obrigación fundamental abarca a obrigación de garantir a non discriminación e a igualdade de protección no emprego".

Para respectar o seu compromiso coa Convención de Dereitos das Persoas con Discapacidade, os Estados membro tamén deberán levar a cabo un estudo exhaustivo para determinar as repercusións do capacitismo no dereito a un traballo e un emprego libremente elixidos, en igualdade de condicións cos demais, das persoas con discapacidade; realizar análise sobre as barreiras ás que se enfrontan as persoas con discapacidade no ámbito laboral, así como elaborar plans e estratexias de acción para garantir o seu dereito ao traballo.

Estes plans de acción concretos requiren que os Estados membro realicen e leven a cabo programas de desenvolvemento de coñecementos e capacidades, incluídas capacitacións dentro dos sectores público e privado e a economía informal, para garantir o cumprimento da Convención.

A transcendencia da súa aplicación

No caso do Estado español, as consecuencias de aplicación deste Documento de interpretación nº 8 son de gran calado:

– As políticas de emprego de persoas con discapacidade (para ser acordes a DDHH) terían que aplicar as súas recomendacións en relación ao emprego segregado ou aos obradoiros protexidos para persoas con discapacidade.

– Debésense aplicar cambios para que as políticas de emprego prioricen o dereito ao traballo, nun mercado laboral aberto e inclusivo (por exemplo, potenciando os sistemas de Emprego Con Apoio) e non prioricen o emprego protexido como está a suceder agora mesmo.

– É necesario que o noso país cambie as políticas económicas de apoio ao emprego das persoas con discapacidade, dando prioridade ao emprego de tipo inclusivo, e evitando que os recursos vaian maioritariamente ao emprego protexido (como pasa actualmente) e céntrense o inserción laboral ordinaria.

– É esencial revisar o funcionamento das estruturas de emprego protexido existentes en España, para asegurar que estas sexan democráticas, de libre elección ou opción para as persoas con discapacidade, xestionadas por eles e con condicións de traballo similares ao resto de traballadores.

– Estas recomendacións deberán ser parte esencial do futuro "Libro Branco sobre Discapacidade" e do proxecto de nova "Lei de Emprego" que se está debatendo na actualidade.


A VUESTRO SERVICIO
Salida
Caja
Producto del mes
KH7
QUITAGRASAS
PACK AHORRO
KH7
BAÑOS

Descobren que unha terapia hormonal podería mellorar habilidades cognitivas de persoas coa síndrome de Down

Segundo vén de publicar a prestixiosa revista Science, un grupo de investigadores europeos descubriu que a terapia cunha hormona esencial para a reprodución resulta beneficiosa tamén para o desenvolvemento cognitivo das persoas coa síndrome de Down.

A investigación, con participación española, permitiu descubrir que en ratos trisómicos, cunha alteración xenética similar aos humanos, a inxección da hormona liberadora de Gonadotropina (GnRH) achegoulles melloras cognitivas.

Tras superar a fase de estudo en roedores, realizouse o mesmo análise con sete homes coa síndrome de Down de entre 20 e 50 anos, onde se obtivo o mesmo prometedor resultado tras unha terapia de 6 meses. A alteración e función hormonal non é a mesma en homes e mulleres, polo que non se incluíu a estas últimas no ensaio.

Seis dos sete melloraron en todas as probas cognitivas: función espazo-visual (capacidade de pensar de forma tridimensional), función executiva, atención, memoria episódica e comprensión verbal. Esta melloría confirmouse tamén mediante as imaxes cerebrais realizadas, que revelaron un aumento significativo da conectividade funcional.

En canto ao sétimo, houbo "unha mellora en determinadas habilidades cognitivas impulsadas principalmente pola mellora nas habilidades espazo-visuais, a función executiva e a atención", explica a neuroendocrina do Hospital Universitario de Lausana (Suíza) Nelly Pitteloud.

A hormona GnRH

A hormona liberadora de Gonadotropina (GnRH) activa un singular mecanismo no cerebro, a través do cal se liberan outras dúas hormonas que, durante a etapa adulta, encárganse da produción de testosterona e esperma nos machos de todos os mamíferos e da produción de óvulos das femias.

Nos nenos con síndrome de Down, os niveis desta hormona son similares á do resto de nenos. Con todo, ao chegar a puberdade, as persoas coa síndrome de Down mostran un déficit na liberación desta hormona, o que leva á infertilidade. Outras das funcións da hormona GnRH están relacionadas co olfacto e o desenvolvemento cognitivo, que por tanto tamén sofren unha deterioración a partir da puberdade nas persoas coa síndrome de Down.

A investigadora española María Manfredi, primeira autora do estudo na Universidade de Lille, asegura nunha entrevista ao País que o investigador Vincent Prévot, da mesma Universidade, "estaba convencido da conexión coa hormona GnRH coa perda de olfacto, a infertilidade e a deterioración cognitiva".

Por iso, o equipo da investigación decidiu utilizar a hormona, da que hai versións sintéticas no mercado, para restaurar os seus niveis nos roedores. “E vimos que melloraba a cognición dos ratos con síndrome de Down”, asegura a científica, agora da Universidade de Sevilla e no Instituto de Biomedicina de Sevilla.

Na última parte da investigación, os científicos querían inxectar a hormona en persoas coa síndrome de Down. Esta parte do estudo dirixiuna Pitteloud, quen asegura que “en conxunto, melloraron a súa cognición nun 30%”.

Pola súa banda, Mara Dierssen, presidenta do Consello Español do Cerebro e investigadora da neurobioloxía da síndrome de Down no Centro de Regulación Xenómica explica nunha entrevista a Down España que, aínda que é un traballo moi relevante o que está a realizar este grupo de científicos, trátase dun estudo preliminar e “hai que ser cauto” ata que se confirme nunha investigación máis ampla. Tampouco hai que esquecer que, os resultados, ademais de preliminares, de momento só son aplicables a homes.

“A relación de GnRH xa se coñecía e hai un ensaio clínico en marcha en Alzheimer. O traballo presenta un piloto en grupo moi pequeno de persoas coa síndrome de Down e ademais é un piloto que non ten un control con placebo. Actualmente, hai máis de 20 ensaios clínicos en marcha sobre a síndrome de Down. Iso si que son boas noticias porque co que imos sabendo cada vez hai máis oportunidades para as persoas coa síndrome de Down”, explica a doutora.



Sesión de vida independente en Teima



Encontro bilateral entre Down Lugo e Xuntos

As persoas con discapacidade estarán máis protexidas trala entrada en vigor da nova lei de igualdade de trato e non discriminación

Este xullo fíxose efectiva a nova 'Ley 15/2022, de 12 de julio, para la igualdad de trato y la no discriminación', que modifica a 'Ley Orgánica 10/1995'.

A súa modificación foi tomada en consideración en febreiro de 2021, e ten por obxecto establecer un marco legal "axeitado" para previr e eliminar todas as formas de discriminación en ámbitos como o sanitario, educativo, laboral, deportivo, cultural ou o relativo a redes sociais e aplicacións dixitais.

Doutra banda, con esta nova norma espérase impulsar a aplicación da igualdade de trato na formulación, execución e avaliación das políticas públicas.

Para iso, elaborouse unha tipificación dos delitos de discriminación por sexo, etnia, raza, relixión ou calquera condición persoal, como a discapacidade, e serán penados con multas de entre 300 e 500.000 euros.

Ademais, creouse a Autoridade Independente para a Igualdade de Trato e a non Discriminación, que prestará orientación e asistencia ás vítimas de discriminación por calquera causa, e fará un informe anual sobre "aspectos contrarios á igualdade que poden perdurar nas disposicións normativas de rango legal ou regulamento vixentes".

Down Galicia e a Consellería de Facenda asinan un convenio de colaboración en materia de emprego inclusivo

Delmiro Prieto González, presidente de Down Galicia, e Miguel Corgos López-Prado, conselleiro de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia, asinaron o 11 de xullo un convenio de colaboración entre as entidades que representan, mediante o que a Federación asesorará á Consellería durante os futuros procesos de adaptación aos postos de traballo daquelas persoas con discapacidade intelectual que se incorporen como persoal funcionario na administración galega.

En concreto, esta colaboración céntrase no desenvolvemento tanto de accións de formación e orientación socio laboral previas ao ingreso ou ao inicio da prestación de servizos na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia das persoas traballadoras con discapacidade intelectual, como accións de apoio ao desenvolvemento no propio posto de traballo ao longo da súa carreira profesional.

O convenio dará cobertura a todo o apoio que se preste dende as entidades Down de Galicia a través da figura profesional do preparador ou preparadora laboral, en calquera posto de traballo competencia de función pública e que sexa desenvolvido por unha persoa con discapacidade intelectual.

Así, as actuacións a desenvolver serán as seguintes:

- Cursos de formación específicos previos ao ingreso ou ao inicio da prestación de servizos na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, que serán impartidos por persoal da Xunta de Galicia co apoio de persoal das entidades membro da Federación Down Galicia.
- Apoio no proceso de inserción e adaptación efectiva ao posto de traballo das persoas con discapacidade intelectual, así como da súa contorna laboral.
- Seguimento do desempeño da actividade laboral, incluíndo formación continua en competencias instrumentais, transversais e laborais para as persoas con discapacidade intelectual, de acordo cos resultados da detección de necesidades formativas.
- Realización de talleres prácticos de intercambios de experiencias dirixidos ao persoal que realiza funcións de referencia na contorna de traballo das persoas con discapacidade intelectual.





Un traballador membro de Down Ourense

A lamivudina podería ter “efectos moi interesantes” en persoas coa síndrome de Down, segundo unha investigación

A neurobióloga Mara Dierssen foi entrevistada por Down España en relación á investigación sobre a lamivudina na que traballa xunto ao equipo do Centro de Regulación Genómica (CRG) e o Instituto de Investigación da Sida IrsiCaixa.

Sen dúbida, trátase dun avance científico que podería ter consecuencias moi positivas para as persoas do colectivo. Con todo, aínda é pronto para coñecer realmente os efectos deste fármaco e haberá que esperar varios anos aos resultados concluíntes da investigación para confirmar o seu impacto.

– Que é lamivudina e para que se utiliza actualmente?

A lamivudina é un fármaco antirretroviral que se emprega para o tratamento de persoas adultas, nenos e nenas infectadas polo virus da inmunodeficiencia humana (VIH), o virus que causa a sida, e que pertence á familia dos inhibidores da transcriptasa inversa do VIH. Utilízase tamén para o tratamento da hepatite B (VHB) crónica.

– Como xurdiu a idea de investigar este fármaco antirretroviral para mellorar o desenvolvemento cognitivo de persoas coa síndrome de Down?

Hai un par de anos, uns investigadores de Estados Unidos descubriron que a lamivudina diminúe a resposta do interferón (IFN) e ten importantes efectos antiinflamatorios.

O IFN cumpre un papel fundamental na defensa contra os virus, de feito, pero a resposta exacerbada de IFNI produce inflamación, que se asociou con alteracións cognitivas e neurodexeneración. De feito, dos fármacos que se ensaiaron, o xenérico lamivudina destacou pola súa actividade e os seus baixos efectos secundarios. Así pois, os efectos da lamivudina son moi interesantes no contexto da síndrome de Down porque precisamente entre os xenes triplicados do cromosoma 21, hai catro relacionados co IFN e iso produce unha resposta exacerbada en persoas coa síndrome de Down, coma se estivesen a combater unha infección viral de forma sostida.

– Cal foi o resultado da investigación en ratos trisómicos?

No estudo con ratos, observamos que nos ratos trisómicos que recibiron lamuvudina produciuse unha redución significativa da hiperactividade motora e un rescate completo da memoria de recoñecemento, cuxa correcta execución depende de dúas rexións afectadas nas persoas coa síndrome de Down: o hipocampo e a cortiza cerebral.

– Que expectativas representa este achado para a investigación en humanos coa síndrome de Down?

Por agora, trátase dunha investigación preclínica, pero a vantaxe da lamivudina é que é un fármaco xa aprobado e está dispoñible como especialidade farmacéutica xenérica polo que os custos de investigación e desenvolvemento, aínda que non son nulos, son moi inferiores aos dun medicamento que conteña un fármaco de nova aprobación. Iso quere dicir que moi posiblemente poderemos iniciar estudos clínicos en breve.

– Que podería supoñer para persoas coa síndrome de Down?

Do mesmo xeito que outros fármacos, se a lamivudina producise unha melloría, aínda que fose pequena supoñería un gran paso. Pero, aínda que os resultados son alentadores, queda moito traballo por facer. Se tratamos con lamivudina, actuamos sobre a resposta do interferón e a inflamación, pero non sabemos canto tempo durarían os efectos. Aínda que desde logo, nas persoas coa síndrome de Down a resposta exacerbada do interferón e a inflamación son sen dúbida unha parte importante da síndrome.

– Que relación podería ter o uso deste fármaco en relación ao Alzheimer?

De feito, a lamivudina reduce significativamente a inflamación relacionada coa idade e outros signos de envellecemento en ratos, polo que a súa utilización temperá axudaría posiblemente a previr a neurodexeneración.

En persoas con VIH, leva anos utilizándose, está claro, pero en persoas con enfermidade de Alzheimer soamente hai un ensaio clínico piloto en marcha, cuxo obxectivo é avaliar a capacidade de lamivudina para penetrar no sistema nervioso central, e suprimir a neurodexeneración. O outro obxectivo é avaliar a seguridade e a tolerancia en pacientes con enfermidade de Alzheimer en estadio temperá. Este estudo proporcionará os datos iniciais sobre a seguridade e eficacia na enfermidade de Alzheimer para poder realizar futuros ensaios.

– En canto tempo podería ter o equipo de investigación resultados concluíntes para poder confirmar os resultados?

Neste momento estamos realizando estudos para identificar precisamente en que medida a normalización da resposta do interferón e a actividade antiinflamatoria están presentes no cerebro dos ratos trisómicos e como se correlacionan estes aspectos coa eficacia para reverter o déficit cognitivo de memoria hipocampo-dependente. Pero, ademais, estamos a preparar un primeiro ensaio clínico en colaboración coa Fundación ACE para tratar con lamivudina a persoas con deterioración cognitiva e comprobar se mellora a evolución.

– Doutra banda, en relación á investigación sobre a EGCG-Epigalocatequina galato na que xa se demostrou que pode mellorar a memoria e a aprendizaxe das persoas coa síndrome de Down, existen novos datos/avances?

Xa finalizamos o estudo pediátrico e informaremos en breve sobre os resultados, tan pronto salga á luz pública o traballo.

– Existen novos datos dalgunha outra investigación destacable para o colectivo?

Neste momento, hai varios grupos traballando a nivel internacional en mellorar as alteracións inmunolóxicas en persoas coa síndrome de Down, xa que se corroborou que tal como dicimos a exacerbación da resposta do interferón podería ser un mecanismo crave mesmo para as deficiencias cognitivas. Outras liñas prometedoras son as que utilizan a neuromodulación, e os tratamentos multimodais.



Down Lugo realiza un tramo do Camiño primitivo

Down Lugo percorre unha etapa do Camiño Primitivo

O pasado mes de xuño, máis de 30 persoas vencelladas á asociación Down Lugo percorreron o tramo do Camiño Primitivo que vai desde Lugo a San Romao da Retorta.

Persoas usuarias e profesionais da entidade camiñaron xunto con persoas voluntarias de ASTELU, a Asociación Sénior de Telefónica de Lugo, coas que pasaron unha xornada do máis divertida.

O día comezou no centro de Lugo, de onde o grupo saíu ás 10 horas, e tras atravesar a cidade andado, chegaron ata a Ponte Romana. Alí esperábaos un autobús que os levou a Santa Eulalia de Bóveda, onde visitaron o seu templo romano.

Uns quilómetros máis tarde, en Bacurín, os e as camiñantes percorreron outro tramo a pé ata chegar á súa igrexa Románica. Unha vez rematada a visita ao santuario, o autobús volveu a recollelos para levalos a San Romao, onde contemplaron o seu Miliario e escoitaron as estupendas anécdotas dun dos seus habitantes.

Por último, unha vez rematada a peregrinación, o grupo achegouse ata Crecente para xantar e pasar unha sobremesa moi agradable acompañada de música e baile.

Esta actividade foi organizada ao abeiro do programa "O Teu Xacobeo" da Xunta de Galicia.

A aventura de buscar novas metas laborais: O caso de Beatriz Silva

Hai 15 anos que Beatriz Silva forma parte do servizo de Emprego con Apoio da asociación Down Vigo. Acababa de pisar a entidade cando conseguiu o seu primeiro contrato, xusto no sector que anhelaba e para o que se formou: o traballo con nenos e nenas.

Esta experiencia inicial como acompañante de autobús escolar, durou case sete anos e proporcionou a Bea os primeiros ensinos sobre o mundo laboral: "Aprendín o que é un preparador laboral e a traballar con nenos, que é difícil".

Tras este primeiro contacto, e á espera dunha nova oportunidade, Bea tiña claro que a súa meta era traballar "de calquera cousa que houbese en Emprego" e realizou prácticas como operaria téxtil, recepcionista e auxiliar de ludoteca. Aínda que non tivo inconveniente en probar en diferentes sectores, tiña clara a súa vocación e en 2016, tras realizar un curso de auxiliar de comedor, chegou a recompensa en forma de contrato de traballo. Ao principio, a previsión era dunha experiencia curta, pero resultaron ser 4 cursos, aínda que non tan ideais como Bea pensaba: "Ao principio estaba ben e gustábame o comedor cos nenos. Quería ter un traballo e gañar diñeiro para gastalo. Despois canseime. Ás veces poñíame moi nerviosa e non sabía que facer e empezou a deixar de gustarme".

Tras esta experiencia, Bea trasladou ao Servizo de Emprego de Down Vigo que preferiría cambiar de sector, e mentres chegaba outra oportunidade, seguía no comedor escolar. Pero en marzo de 2020 chegou o confinamento por mor da pandemia por COVID-19, os colexios pecharon as súas portas e o tempo parouse para todos. Tamén para Bea, que tivo tempo para reflexionar sobre o seu futuro profesional, chegando á conclusión de que non quería continuar traballando no comedor nin nese sector.

Fixou a súa meta laboral no campo do comercio e comezou a trazar o seu propio camiño para poder alcanzar o seu obxectivo. O primeiro paso? Reunións co servizo de Orientación Laboral da Federación en busca de formación específica. Así chegou a oportunidade de cursar o certificado de profesionalidade "Actividades Auxiliares de Comercio", onde as prácticas formativas resultaron motivadoras para ela e actuaron como motor para seguir.



En 2017 Beatriz estivo traballando nun comedor



Con todo, as súas ganas toparon coa dura realidade ao non atopar oportunidades laborais. Tras unha curta experiencia en limpeza, Bea tivo que seguir esperando novas oportunidades.

2022: cambio de tendencia

Bea empezou o ano facendo prácticas nunha perfumería como axudante de dependenta. Era exactamente o perfil profesional no que quería medirse como traballadora. Aproveitou o momento para demostrar as súas ganas e a súa valía: "Na perfumería gustábame un pouco de todo: atender ao cliente, darlle consello… algún facíame caso!".

Poucos meses despois, o empeño de Bea, xunto á súa perseveranza e ilusión, tiveron a súa recompensa: un contrato de traballo como auxiliar de comercio nunha importante cadea de roupa e complementos da cidade. Gústalle e séntese feliz. A súa familia está encantada de vela así e Nuria, a súa preparadora laboral, destaca o seu entusiasmo e aplaude a decisión de Bea de "estar aberta a calquera oportunidade laboral que se presente".

A día de hoxe, Bea pode sentirse moi orgullosa e dicir que conseguiu chegar á meta que se propuxo. Desde Down Galicia desexámoslle moita sorte e énchenos de orgullo a súa valentía e a súa capacidade de decisión, fundamental para lograr a auténtica autonomía persoal.

Vegalsa-Eroski e Down Coruña levan a cabo unha limpeza conxunta na praia de Sabón

Mozos e mozas da asociación Down Coruña e persoal da compañía Vegalsa – Eroski compartiron unha mañá de xullo de limpeza na praia de Sabón (Arteixo), coa que se buscaba concienciar sobre a importancia do coidado do medio ambiente.

A xornada, realizada baixo a dirección de We Sustainability, comezou coas explicacións por parte dos monitores sobre o tema e, máis en concreto, da importancia do coidado de praias como na que se desenvolveu a actividade. Xuntos procederon a recoller lixo e plásticos no areal e debateron sobre como ese tipo de residuos puideron chegar ata alí.

O final da xornada tivo un punto lúdico e de desfrute da contorna natural, gozando dunha estupenda clase de surf. O obxectivo desta última parte do día era, precisamente, tomar conciencia de todo o que o mar e a súa contorna poden ofrecer durante o tempo de lecer.

Desde a asociación Down Coruña realízanse actividades de concienciación e coidado do medio ambiente de forma regular. De feito, a entidade conta cun programa chamado Ecofriendly21 que versa sobre formación na preservación do medio ambiente.




Limpeza da praia por parte de Down Coruña

Fundación “la Caixa” promove xunto a Down Galicia a inclusión laboral

A Fundación “la Caixa”, mediante unha achega de 25.950 €, colabora co proxecto da Federación Down Galicia “Emprego con apoio: Talento profesional de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual”.

Esta axuda enmárcase na Convocatoria de Inserción Sociolaboral 2021, que ten por finalidade facilitar a inserción laboral e a mellora da empregabilidade das persoas máis vulnerables, promovendo proxectos dirixidos á mocidade, a persoas con discapacidade ou trastorno mental e a persoas en risco de exclusión social.



Inclusión laboral dunha usuaria de Xuntos

Grazas a esta colaboración, ao redor de 94 persoas con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais en idade laboral de toda a Comunidade Autónoma de Galicia beneficiaranse, na intensidade que requiran as súas necesidades, de accións de valoración e orientación para o emprego, información, asesoramento, apoio e acompañamento no posto de traballo, adestramento en habilidades e desprazamentos, entre outras.

O obxectivo principal deste proxecto é facilitar a inclusión socio-laboral das persoas con discapacidade intelectual no mercado de traballo ordinario, garantindo todos os apoios que a persoa, familia e a empresa precisan.

E que as persoas con discapacidade, sobre todo con discapacidade intelectual, atópanse con infinidade de barreiras para acceder a un posto de traballo ordinario, atopándose a maioría delas nunha situación de inactividade.

Por tanto, con este proxecto búscase que o mercado de traballo deixe de ser un espazo excluínte para converterse nun ámbito onde as persoas con discapacidade intelectual poidan exercer o seu dereito para desempeñar o seu labor en calquera posto de traballo, demostrando a súa capacidade e competencia como profesionais.

Con la colaboración de:

Fundación "la Caixa"

Séguenos

DownGalicia.org

Facebook.com/DownGalicia

Twitter.com/DownGalicia

Instagram.com/DownGalicia

Youtube.com/DownGalicia

Flickr.com/DownGalicia

Subscríbete

Recibe a Revista de Down Galicia no teu correo!

Contacta

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo **comunicacion@downgalicia.org**.

Subvencionado por

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

Consulta a nosa política de privacidade



DOWN Galicia

Grazas a todas as persoas que participaron no Encontro de Moz@s e Adult@s 2022. Ata a próxima!